



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xestión da Prevención de Riscos Laborais

Materia	Xestión da Prevención de Riscos Laborais			
Código	V08M104V01103			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Pazos Perez, Alexandre			
Profesorado	Fernández Rey, Emilia Martínez Araújo, María Araceli Pazos Perez, Alexandre			
Correo-e	alexpaos@uvigo.es			
Web	http://http://masterlaboral.es/			
Descrición xeral	Esta materia pretende realizar un estudo sobre cómo se debe organizar a xestión da prevención dos riscos laborais nas empresas, prestando especial atención ás fórmulas para acadar a integración da prevención no sistema de xestión xeral da empresa. Porén, descríbese as distintas fases que permiten realizar a xestión do proceso de prevención de riscos laborais, realizando especial fincapé na planificación, organización e economía da prevención, así como na aplicación específica da prevención en sectores con características especiais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.			
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.			
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.			
B1	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social			
B2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.			
B4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.			
B5	Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral.			
B6	Planificar e organizar a prevención dos riscos laborais nas empresas.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resultados previstos na materia	A1
	A2
	A3

Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente a xestión da prevención de riscos laborais.	B1 B2 B4 B5 B6
--	----------------------------

Contidos

Tema	
TEMA 1: Xestión da prevención	I. A necesidade de implementación da prevención de riscos laborais na empresa e os custos da non prevención II. A elaboración da Política preventiva da empresa: benestar dos traballadores e excelencia empresarial III. O Plan de prevención de riscos como ferramenta clave na integración da prevención IV. O sistema de xestión da prevención na empresa 1. Contidos claves: actuacións fronte a cambios previsibles, actuacións fronte a sucesos previsibles e documentación do sistema preventivo 2.- Integración dos sistemas de xestión na empresa: sistemas de garantía de calidade, plans de igualdade e plans de prevención de riscos laborais V. Modalidades de organización preventiva empresarial. VI. Instrumentos de xestión preventiva. VII. Implantación do plan de prevención. VIII. Participación dos traballadores na xestión da prevención. IX. Infraccións e sancións.
TEMA 2: Xestión de recursos humanos e prevención de riscos laborais	I.- A integración da prevención na xestión de RRHH: procesos selectivos e instrucións de traballo II.- A integración da perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais III.- A xestión da prevención de riscos dos traballadores especialmente sensibles: maternidade e lactación, idade e outros factores de risco
TEMA 3: O sistema de xestión dos accidentes de traballo ou enfermidades profesionais	I. Notificación á Administración laboral II. Investigacións de accidentes III. Xestión da documentación xerada por accidente de traballo
TEMA 4: Aspectos xerais na xestión da Medicina do Traballo	I.- Conceptos básicos de medicina Laboral. II. Recoñecementos médicos e vixilancia da saúde.
TEMA 5. Aspectos xerais na xestión da Seguridade e Hixiene do Traballo, Ergonomía e Psicosocioloxía laboral	I.- Os riscos de seguridade: características e xestión II.- Os riscos da Hixiene Industrial. Características e xestión III.- Os riscos Ergonómicos e psicosociais: Características e xestión

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	19	34
Estudo de casos	4	16	20
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías do profesorado da materia e/ou o correo electrónico no que poden solicitarse poden consultarse na páxina web da Facultade e/ou na páxina web do Máster, en función do docente da materia a quen se solicita orientación.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías do profesorado da materia e/ou o correo electrónico no que poden solicitarse poden consultarse na páxina web da Facultade, en función do docente da materia a quen se solicita orientación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Os profesores atenderán todas as dúbidas plantexadas polos estudantes.
Lección maxistral	Os profesores atenderán todas as dúbidas plantexadas polos estudantes.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Valorarase a asistencia do alumno, así como, de maneira especial, a participación activa nas sesións, materializada no plantexamento de dúbidas ou cuestións relacionadas coa temática obxecto de estudo. Resultado de aprendizaxe: coñecer, comprender, interpretar e analizar a xestión da prevención de riscos laborais.	30	B1 B2
Estudo de casos	Ao longo do período docente o alumno realizará dous exercicios prácticos relativos ós contidos da materia, representando cada un, un 15% da nota final. Resultado de aprendizaxe: coñecer, comprender, interpretar e analizar a xestión da prevención de riscos laborais.	30	A1 A2 A3
Exame de preguntas obxectivas	O alumno realizará unha proba tipo test na que serán avaliados os seus coñecementos teóricos e prácticos da materia, para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas de elección múltiple. Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Resultado de aprendizaxe: coñecer, comprender, interpretar e analizar a xestión da prevención de riscos laborais.	40	B4 B5 B6

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os exames de cada convocatoria terán lugar nas datas e horas indicadas no calendario oficial, debidamente publicado, aprobado pola Comisión Académica do Máster en Xestión e Dirección Laboral para o presente curso.

1ª CONVOCATORIA (xaneiro/febreiro):

Os/as alumnos poderán optar por un dos seguintes sistemas de avaliación:

a) **Avaliación continua.** Para someterse ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá acreditar a asistencia a un 80% das sesións presenciais. En caso contrario, sempre poderá acollerse ao sistema de avaliación final.

A efectos de avaliación continua, consideraranse os aspectos seguintes:

- Asistencia e participación activa do alumno nas sesións: 30%
- Exercicios prácticos: 30%
- Proba tipo test: 40%

As tarefas e proba de avaliación serán realizadas ao longo do correspondente período de docencia. **A suxestión ao sistema de avaliación continua, mediante a realización de tarefas e proba escrita sinaladas, NON EXCLÚE A POSIBILIDADE DE SOMETERSE AO SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL**

b) **Avaliación final.** Aqueles alumnos que non se acollan ou que renuncien ao sistema de avaliación continua, serán avaliados mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a tódolos contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final.

2ª CONVOCATORIA (xuño/xullo):

Acudirán a convocatoria de xullo, aqueles alumnos que téndose sometido ao Sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación final, non superaran a materia en primeira convocatoria, así como quen non se presentara.

De ter optado polo Sistema de avaliación continua, as notas acadadas na mesma conservaránse para a convocatoria de xuño/xullo. Agora ben, se o alumno non supera a materia nesta última convocatoria, as citadas notas de avaliación continua non se conservarán, debendo pois, ben someterse a un novo proceso de avaliación continua, ben optar polo sistema de avaliación final.

OUTRAS INDICACIÓNS:

O exame final terá lugar, nas distintas convocatorias, na data, horario e lugar especificados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica para o presente curso académico. As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e ao estudiantado matriculado. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no mesmo soporte telemático. En todos os casos, as probas realizadas permitirán avaliar o resultado de aprendizaxe.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

INSHT, **Manual de procedimientos de prevención de riesgos laborales. Guía de elaboración**, última edición,

FREMAP, **Manual de gestión de prevención de riesgos laborales**, última edición,

INSHT, **Notas Técnicas de Prevención: Gestión de la PRL en la empresa**, última edición,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Organización da Prevención na Empresa/V08M104V01215